



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE QUINCE DE NOVIEMBRE DE DOS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 52)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **quince de novembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e o señor Deputado D. José Luís Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de novembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE XOVE.- ACONDICIONAMENTO LU-P-2601 "XOVE (LU-862) - PORTIÑO DE MORÁS (LU-P-2602)", P.K. 0+400 A 2+850.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xuño de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 339.500,00€, dos cales 58.921,49€ son de IVE, correspondente á obra: XOVE.- Acondicionamiento LU-P-2601 "Xove (LU-862)- Portiño de Morás (LU-P-2602)", PK 0+400 a 2+850.



En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 01 de outubro de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como XOVE.- Acondicionamiento LU-P-2601 "Xove (LU-862)- Portiño de Morás (LU-P-2602)", PK 0+400 a 2+850 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluido)		339.500,00			
VALOR ESTIMADO		280.578,51	58.921,49	DE IVE (partida independiente)	
CLASIFICACION EXIGIDA:	NO				
PRAZO DE EXECUCION:	6			MAXIMO	
				14.028.93	

MELLORAS IMP CON IVE

IMP. SIN IVE	34,09	49,09
IMP. GX e BI	40,57	

EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPEATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
			PREZO (IVE incluido - art 102)	Oferta (m CUNETA REVESTIDA)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados			
					49,09					
1	CARFERLO SL		271.645,00 €	200,00	7.855,38	4.200,00 €	28/0	80,01%	19,99%	263.789,62 €
2	CONSTRUCCIONES CAZAS SL		305.404,00 €	300,00	13.248,41	1.500,00 €	14/0	89,96%	10,04%	292.155,59 €
3	DESARROLLOS Y METAS SL		281.688,00 €	30,00	1.221,90	50,00 €	24/0	82,97%	17,03%	280.466,10 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		329.824,24 €	0,00	0,00	420,87 €	94/1	97,15%	2,85%	329.824,24 €
5	HORDESCÓN SL		327.244,05 €	5,00	236,59	426,45 €	18/0	96,39%	3,61%	327.007,46 €
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	288.642,90 €	165,00	6.886,49	0,00 €	52/1	85,02%	14,98%	281.756,41 €
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	309.012,90 €	329,00	14.700,29	14.028,93 €	159/4	91,02%	8,98%	294.312,61 €

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	CARFERLO SL		263.789,62 €
2	CONSTRUCCIONES CAZAS SL		292.155,59 €
3	DESARROLLOS Y METAS SL		280.466,10 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		329.824,24 €
5	HORDESCÓN SL		327.007,46 €
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	281.756,41 €
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	294.312,61 €

MEDIA	NOVA MEDIA
295.833,24	279.541,93

BAIXA DESPROPORCIONADA	NOVA BAIXA
266.249,91	251.587,74

10% ARRIBA
325.416,56

EXCLUIDO POR GRUPO:
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m CUNETAS REVESTIDA)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CARFERLO SL		271.645,00 €	75,00	200,00	12,16	4.200,00 €	1,50	88,66
2	CONSTRUCCIONES CAZAS SL		305.404,00 €	37,69	300,00	18,24	1.500,00 €	0,53	56,46
3	DESARROLLOS Y METAS SL		281.688,00 €	63,90	30,00	1,82	50,00 €	0,02	65,74
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		329.824,24 €	10,69	0,00	0,00	420,87 €	0,15	10,84
5	HORDESCÓN SL		327.244,05 €	13,55	5,00	0,30	426,45 €	0,15	14,00
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	288.642,90 €	56,21	165,00	10,03	0,00 €	0,00	66,24
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	309.012,90 €	33,70	329,00	20,00	14.028,93 €	5,00	58,70

Por canto antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.



Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 09 de outubro de 2019 adoptouse a seguinte resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	CARFERLO SL	88,66
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A 66,24
3	DESARROLLOS Y METAS SL	65,74
4	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A 58,70
5	CONSTRUCCIONES CAZAS SL	56,46
6	HORDESCÓN SL	14,00
7	GRUPO BASCUAS 2008 SL	10,84

Requirir ao contratista CARFERLO SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de saída de data 17 de outubro de 2019 (achegado a través da plataforma de contratos do sector público, con confirmación de lectura do 18-10-2019, foi requirida a mercantil CARFERLO SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 11.225,00 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil CARFERLO SL, achegou a través da plataforma de contratación do sector público a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención

procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra XOVE.- Acondicionamiento LU-P-2601 "Xove (LU-862)-Portiño de Morás (LU-P-2602)", PK 0+400 a 2+850, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 28 de xuño de 2019, á mercantil CARFERLO SL, representada por D. Juan Carlos Fernández López, no prezo de 271.645,00 € dos cales 47.145,00 € son de IVE; unhas melloras de obra, consistentes en lonxitude de cuneta a revestir, coas características indicadas no PCAP, de 200 metros e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 4.200,00 € e 882,00€ de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras de obra e o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra XOVE.- Acondicionamiento LU-P-2601 "Xove (LU-862)-Portiño de Morás (LU-P-2602)", PK 0+400 a 2+850, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 28 de xuño de 2019, á mercantil CARFERLO SL, representada por



D. Juan Carlos Fernández López no prezo de 271.645,00 € dos cales 47.145,00 € son de IVE; unhas melloras de obra, consistentes en lonxitude de cuneta a revestir, coas características indicadas no PCAP, de 200 metros e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 4.200,00 € e 882,00€ de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

2º.- Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

6º.- Determinar que, de acordo co previsto no PCAP, inda que a adxudicación e formalización do contrato se realicen na presente anualidade de 2019, a execución deberá iniciarse no exercicio 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE A PONTENOVA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-

4802 “SANTALLA-NAVALLO-PONTE SOUTELO (LU-P-4606)”, P.K. 8+000 A 11+000, LU-P-4806 “VILAXE (N-640)-GALEGOS-RIBEIRA DE PIQUÍN (LU-751), P.K. 0+000 A 2+100 E LU-P-4809 “CONFORTO (LU-704)-SOUTO DE MOGOS”, P.K. 0+00 A 1+238.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de xuño de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 385.600,00€, dos cales 66.922,31€ son de IVE, correspondente á obra: A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme LU-P-4802 "Santalla- Navallo- Ponte Soutelo (LU-P-4606)", PK 8+000 a 11+000, LU-P- 4806 "Vilaxe (N-640)- Galegos- Ribeira de Piquín (LU-751)", PK 0+000 a 2+100 e LU-P-4809 "Conforto (LU-704)- Souto de Mogos", PK 0+000 a 1+238.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 11 de xullo de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 01 de outubro de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme LU-P-4802 "Santalla- Navallo- Ponte Soutelo (LU-P-4606)", PK 8+000 a 11+000, LU-P- 4806 "Vilaxe (N-640)- Galegos-Ribeira de Piquín (LU-751)", PK 0+000 a 2+100 e LU-P-4809 "Conforto (LU-704)- Souto de Mogos", PK 0+000 a 1+238, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A Mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.



DEPUTACIÓN DE LUGO

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)		385.600,00		DE IVE (partida independiente)	MELLORAS					
VALOR ESTIMADO		318.677,69			IMP. SIN IVE		26,98			
CLASIFICACION EXIGIDA:		NO			IMP. GX e BI		32,11			
PRAZO DE EXECUCION:		6		MAXIMO		38,85				
				15.933,88						
EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
			PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado)		Plantel / Discapacitados	%	
					38,85					
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		341.448,80 €	20,00	688,03	300,00 €	11/0	88,55%	11,45%	340.760,77 €
2	DESARROLLOS Y METAS SL		315.447,00 €	30,00	953,50	50,00 €	24/0	81,81%	18,19%	314.493,50 €
3	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	323.143,00 €	185,33	6.033,66	909,09 €	13/0	83,80%	16,20%	317.109,34 €
4	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	319.133,00 €	100,39	3.227,77	909,09 €	163/3	82,76%	17,24%	315.905,23 €
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		374.610,41 €	0,00	0,00	478,02 €	94/1	97,15%	2,85%	374.610,41 €
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	313.492,80 €	236,00	7.454,07	0,00 €	52/1	81,30%	18,70%	306.038,73 €
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	336.628,80 €	709,00	24.046,48	0,00 €	159/4	87,30%	12,70%	312.582,32 €

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		340.760,77 €
2	DESARROLLOS Y METAS SL		314.493,50 €
3	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	317.109,34 €
4	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	315.905,23 €
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		374.610,41 €
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	306.038,73 €
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	312.582,32 €

MEDIA
330.361,73

BAIXA DESPROPORCIONADA
297.325,56

10% ARRIBA
363.397,90

EXCLUIDO POR GRUPO:
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación

informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívoase o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		341.448,80 €	45,92	20,00	0,56	300,00 €	1,65	48,13
2	DESARROLLOS Y METAS SL		315.447,00 €	72,97	30,00	0,85	50,00 €	0,28	74,10
3	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	323.143,00 €	64,96	185,33	5,23	909,09 €	5,00	75,19
4	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	319.133,00 €	69,13	100,39	2,83	909,09 €	5,00	76,96
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		374.610,41 €	11,43	0,00	0,00	478,02 €	2,63	14,06
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	313.492,80 €	75,00	236,00	6,66	0,00 €	0,00	81,66
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	336.628,80 €	50,94	709,00	20,00	0,00 €	0,00	70,94

Por canto antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 09 de outubro de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	81,66
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	76,96
3	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	75,19
4	DESARROLLOS Y METAS SL		74,10
5	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	70,94
6	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		48,13
7	GRUPO BASCUAS 2008 SL		14,06



Requirir ao contratista OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de data 17 de outubro de 2019 (achegado a través da plataforma de contratación do sector público, con confirmación de lectura do 21-10-2019, foi requirida a mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 12.954,25 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, achegou a través da plataforma de contratos do sector público a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme LU-P-4802 "Santalla- Navallo- Ponte Soutelo (LU-P-4606)", PK 8+000 a 11+000, LU-P- 4806 "Vilaxe (N-640)- Galegos- Ribeira de Piquín (LU-751)", PK 0+000 a 2+100 e LU-P-4809 "Conforto (LU-704)- Souto de Mogos", PK 0+000 a 1+238, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 25 de xuño de 2019, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, no prezo de 313.492,80 € dos cales 54.407,84 € son de IVE; unhas melloras de obra consistentes en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características indicadas no PCAP, de 236 metros e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras de obra, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme LU-P-4802 "Santalla- Navallo- Ponte Soutelo (LU-P-4606)", PK 8+000 a 11+000, LU-P- 4806 "Vilaxe (N-640)- Galegos- Ribeira de Piquín (LU-751)", PK 0+000 a 2+100 e LU-P-4809 "Conforto (LU-704)- Souto de Mogos", PK 0+000 a 1+238, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 25 de xuño de 2019, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, no prezo de 313.492,80 € dos cales 54.407,84 € son de IVE; unhas melloras de obra consistentes en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características indicadas no PCAP, de 236 metros e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

2º.- Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.



3º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

6º.- Determinar que, de acordo co previsto no PCAP, inda que a adxudicación e formalización do contrato se realicen na presente anualidade de 2019, a execución deberá iniciarse no exercicio 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE A FONSAGRADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1911 “MESÓN NOVO (LU-703)- O VENTORRILLO- CHAO DE VAGA (LU-P-4606)”, 7+540 A 9+500 E 11+500 A 14+310.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos: “(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de xuño de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 248.900,00€, dos cales 43.197,52€ son de IVE, correspondente á obra: A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)- O Ventorrillo- Chao de Vaga (LU-P-4606)", 7+540 a 9+500 e 11+500 a 14+310.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 11 de xullo de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 01 de outubro de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)- O Ventorrillo- Chao de Vaga (LU-P-4606)", 7+540 a 9+500 e 11+500 a 14+310 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)		248.900,00											
VALOR ESTIMADO		205.702,48	43.197,52	DE IVE (partida independente)									
CLASIFICACION EXIGIDA:		NO											
PRAZO DE EXECUCION:		6		MAXIMO									
				10.285,12									



Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA (A-B)
		Oferta
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL	219.410,36 €
2	DESARROLLOS Y METAS SL	194.799,81 €
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	210.827,65 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL	241.806,36 €
5	OPAGA003 SL	222.091,12 €
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A 193.491,46 €
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A 210.383,06 €

MEDIA
213.737,79

BAIXA DESPROPORCIONADA
192.364,01

10% ARRIBA
235.111,57

EXCLUIDA POR GRUPO:
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL	220.027,61 €	40,86	15,00	0,94	300,00 €	0,15	41,95
2	DESARROLLOS Y METAS SL	195.899,00 €	75,00	30,00	1,89	50,00 €	0,02	76,91
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	213.922,00 €	49,50	77,34	4,86	883,97 €	0,43	54,79
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL	241.806,36 €	10,04	0,00	0,00	308,55 €	0,15	10,19
5	OPAGA003 SL	227.320,36 €	30,54	123,00	7,74	1.188,96 €	0,58	38,86
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A 198.199,07 €	71,75	127,00	7,99	0,00 €	0,00	79,74
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A 223.686,43 €	35,68	318,00	20,00	10.285,12 €	5,00	60,68

Por canto antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 09 de outubro de 2019 adoptouse a seguinte resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	79,74
2	DESARROLLOS Y METAS SL		76,91
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	60,68
4	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		54,79
5	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		41,95
6	OPAGA003 SL		38,86
7	GRUPO BASCUAS 2008 SL		10,19

Requirir ao contratista OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de data 17 de outubro de 2019 (achegado a través da plataforma de contratación do sector público, con confirmación de lectura do 22-10-2019, foi requirida a mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 8.190,04 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, achegou a través da plataforma de contratación do sector público a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)- O Ventorrillo- Chao de Vaga (LU-P-4606)", 7+540 a 9+500 e 11+500 a



14+310 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 25 de xuño de 2019, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro no prezo de 198.199,07 € dos cales 34.398,19 € son de IVE; unhas melloras de obra consistentes en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas no PCAP, de 127 metros e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras de obra de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicara execución da obra A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)- O Ventorrillo- Chao de Vaga (LU-P-4606)", 7+540 a 9+500 e 11+500 a 14+310 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 25 de xuño de 2019, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro no prezo de 198.199,07 € dos cales 34.398,19 € son de IVE; unhas melloras de obra consistentes en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas no PCAP, de 127 metros e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

2º.- Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Requirit o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

6º.- Determinar que, de acordo co previsto no PCAP, inda que a adxudicación e formalización do contrato se realicen na presente anualidade de 2019, a execución deberá iniciarse no exercicio 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE LUGO, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS, INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lugo no que solicita nova prórroga para poder executar e xustificar investimentos, incluídos, con cargo a remanentes, no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído, polos concellos indicados os investimentos e actuacións sinaladas.

Nas devanditas bases (Base 21) estableceuse, no relativo á xustificación dos investimentos “... todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

A Alcaldía do concello de Lugo, solicita, a través de escrito con Rexistro entrada unha prórroga para executar/xustificar investimentos, polos motivos e prazos que se sinalan nos apartados seguintes:

Concello de Lugo:

O concello de Lugo incluíu, por acordo da Xunta de Goberno, de data 27/09/2019, ao abeiro do Plan Único 2018, con cargo a remanentes producidos na adxudicación de obras inicialmente incluídas no plan, os seguintes investimentos:

IDENTIFICACIÓN	CONCELLO	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVERSIÓN
REXENERACIÓN DE FIRME NA CORREDOIRA DE A PORTELA, INCLÚIDO HONORARIOS	LUGO	1531 76255	19.118,00	--	19.118,00
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE CIMA DE VILA A LAXE, INCLÚIDO HONORARIOS		1531 76255	42.915,88	--	42.915,88
REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA N-VI A DISTRIZ, INCLÚIDO HONORARIOS		1531 76255	42.470,29	--	42.470,29
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2910 A BOSENDE DE ABAIXO INCLÚIDO HONORARIOS		1531 76255	32.769,30	3,00	32.772,30
REFORZO ESTRUCTURAL DA ESCOLA VELLA DE DAQUELCABO, INCLÚIDO HONORARIOS		3340 76255	8.068,68	--	8.068,68

Na mesma Xunta de Goberno, acordouse concederlle ao Concello de Lugo, prórroga para a execución e xustificación dos investimentos, nos seguintes termos:

INVERSIÓN	PRazo EXECUCIÓN	PRazo XUSTIFICACIÓN
REXENERACIÓN DE FIRME NA CORREDOIRA DE A PORTELA, INCLÚIDO HONORARIOS	15-11-2019	30-11-2019
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE CIMA DE VILA A LAXE, INCLÚIDO HONORARIOS		
REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA N-VI A DISTRIZ, INCLÚIDO HONORARIOS		
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2910 A BOSENDE DE ABAIXO, INCLÚIDO HONORARIOS		
REFORZO ESTRUCTURAL DA ESCOLA VELLA DE DAQUELCABO, INCLÚIDO HONORARIOS		

A Alcaldía do Concello de Lugo, a través de escrito con rexistro de entrada de data 08 de outubro de 2019 solicita unha nova ampliación do prazo para a execución das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ .. as inclemencias atmosféricas non se pode acometer a derradeira fase, que é a extensión dunha capa de aglomerado asfáltico...” ata os prazos que se sinalan:

INVERSIÓN	PRazo EXECUCIÓN	PRazo XUSTIFICACIÓN
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE CIMA DE VILA A LAXE, INCLÚIDO HONORARIOS	30-11-2019	30-11-2019
REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA N-VI A DISTRIZ, INCLÚIDO HONORARIOS		
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2910 A BOSENDE DE ABAIXO, INCLÚIDO HONORARIOS		

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello indicado, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, aplicando, no caso do programa de fomento do emprego, analoxicamente, o establecido na base 21 das bases reguladoras do Plan único 2018, “... excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala “... la administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos...”. Así mesmo, no apartado 3 deste mesmo artigo, indica “... la decisión sobre la ampliación deberán producirse, en todo caso, antes



del vencimiento del plazo de que se trate. En ningún caso podrá ser objeto de ampliación un plazo ya vencido”. Neste caso o prazo para executar as actuacións vence o 15-11-2019 e o de presentar a xustificación vence o 30-11-2019, non se atopa polo tanto, vencido ningún deles.

Debe ponderarse, para resolver a petición do Concello, a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga, ao amentado Concello, para executar e xustificar as actuacións indicadas incluídas no Plan Provincial Único 2018, ata os prazos solicitados.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía dos Concello de Lugo, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos, nos termos indicados:

INVESTIMENTO	CONCELLO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE CIMA DE VILA A LAXE, INCLUÍDO HONORARIOS	LUGO	30-11-2019	30-11-2019
REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA N-VI A DISTRIZ, INCLUÍDO HONORARIOS			
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2910 A BOSENDE DE ABAIXO, INCLUÍDO HONORARIOS			

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Confederación Empresarial da Provincia de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “CEL Estudio e Difusión” na anualidade 2019.

Logo de ver a proposta do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Confederación Empresarial da provincia de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “CEL Estudio e Difusión”, polo importe de 123.000€, constan, entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe da Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente de concorrencia das razóns que habilitan á utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019.

Informe da unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.



A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 das recollidas, para a Área de Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, no Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 (PES), e que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo”. A actualización para o presente ano 2019 foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno o 8 de febreiro de 2019, recolléndose na mesma o obxectivo de competitividade empresarial.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión da subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ó establecido na base 24.4 das de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2019.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o de fomentar o desenvolvemento e a competitividade empresarial, durante o ano 2019, a través da Confederación Empresarial da provincia de Lugo, colaborando co proxecto “CEL Estudio y Difusión”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 123.000 €, a favor da entidade Confederación Empresarial da provincia de Lugo, para sufragar gastos derivados da actuación “CEL Estudio e Difusión” na anualidade 2019, subvención incluída na liña 3.1- Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, da Área funcional de Promoción Económica e Social – Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o exercicio 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019.

2º.- Que se aprobe o gasto polo importe de 123.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019, a favor da entidade Confederación Empresarial da provincia de Lugo, para sufragar gastos derivados da actuación “CEL Estudio e Difusión”.

3º.- Que se aprobo o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeira.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes ó servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións do Pazo de Tor, situado en Monforte de Lemos (Lugo), en execución das resolucións da Presidencia de datas 02/10/2019 e 23/10/2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 31/10/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

Acreedor	Nº Factura	Data de emisión	Registro de Facturas		Importe da factura	Concepto
			Data de Entrada	Número		
Eulen Seguridad, S.A.	0840513	31/12/2017	19/10/2018	2018/4076	378,88 €	Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións do Pazo de Tor, situado en Monforte de Lemos (Lugo), realizado os días 24 e 31 de decembro do 2017.
Eulen Seguridad, S.A.	0844205	28/02/2018	23/10/2018	2018/4107	3.133,90 €	Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións do Pazo de Tor, situado en Monforte de Lemos (Lugo), realizado dende o 01/02/2018 ata o 14/02/2018.
TOTAL					3.512,78 €	



Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia da Unidade de Portería e Vixilancia (de data 22/10/2018 no caso da factura N° 0840513 e de data 24/10/2018 no caso da factura N° 0844205) de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas pola Presidencia naquelas datas.

Declaración responsable asinada en data 20/09/2019, polo representante de Eulen Seguridad, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas para cada unha das facturas relacionadas (de data 06/02/2019 no caso da factura N° 0840513, e de data 28/12/2018 no caso da factura N° 0844205), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Xefe da Unidade de Portería e Vixilancia.

Informes de data 22/03/2019, relativos ao cumprimento da cláusula vixésimo cuarta – pagamento- do prego de cláusulas administrativas particulares para o contrato do servizo de vixilancia e seguridade do Pazo de Tor (EXP006SE16-NSO).

Informes deste Servizo, de data 22/03/2019, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Solicitudes de consignación orzamentaria por parte do Servizo de Contratación e Fomento, de data 22/03/2019.

Diversos informes da Unidade de Portería e Vixilancia, aclarando os servizos prestados.

Informes do Servizo de Contabilidade e Contas (de data 17/09/2019 no caso da factura N° 0840513, e de data 28/03/2019 no caso da factura N° 0844205), en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

As seguintes resolucións da Presidencia, levantando os reparos de Intervención e os seus efectos suspensivos:

Resolución de data 23/10/2019, en relación coa factura N° 0840513.

Resolución de data 02/10/2019, en relación coa factura N° 0844205.

Nas propostas de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2017 (no caso da factura N° 0840513) e do ano 2018 (no caso da factura N° 0844205) con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de datas 21/10/2019 e 27/09/2019 respectivamente, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“(…)

Informe de intervención

“Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2017 (no caso da factura N° 0840513), 2018 (no caso da factura N° 0844205) con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

Acreedor	Nº Factura	Data	Importe	Aplicación
Eulen Seguridad, S.A.	0840513	31/12/2017	378,88 €	3332.22701
SUMA			378,88 €	



(No caso da factura Nº 0840513) e

Acreeedores	Nº Factura	Data	Importe	Aplicación
Eulen Seguridad, S.A.	0844205	28/02/18	3.133,90	3333.22701
SUMA			3.133,90	

(No caso da factura Nº 0844205)

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe da Unidade de Portería e Vixilancia, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Trátase de gastos realizados no exercicio 2017 (no caso da factura Nº 0840513) e 2018 (no caso da factura Nº 0844205), no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, e existe consignación orzamentaria no actual orzamento do 2019 na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores polo importe total de 378,88 € (no caso da factura Nº 0840513), e 3.133,90 euros 2018 (no caso da factura Nº 0844205) constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 378,88 euros (no caso da factura Nº 0840513), e 3.133,90 euros 2018 (no caso da factura Nº 0844205).

3. Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean

lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo os artigos 23 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación por ser a factura anterior ó 9 de marzo de 2018, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.



De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo da Proposta de decreto correspondente á factura Nº 0840513:

“2.- Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 23 de setembro do 2019, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

“Según escrito enviado en data 23 de setembro do presente ano pola Interventora desta Deputación Provincial, referente a Recoñecemento de obrigas do ano 2017, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

Os servizos prestados incluídos na factura Nº 0840513 de Eulen Seguridad, S.A., corresponden aos días 24 e 31 de decembro de 2017. Ao tratarse de días non laborables para o persoal desta Deputación, de acordo co establecido no Convenio, é polo que foi preciso prestar ditos servizos, ao obxecto de que as instalacións do Pazo de Tor non quedasen desprotexidas ante posibles roubos, ao non haber alí ninguén.

En cano aos servizos prestados o día 24/12/2017, non existía contrato en vigor, xa que o contrato de vixilancia e seguridade (EXP006SE16-NSO) rematou o 21/12/2016, e aínda que xa se tiña iniciado o procedemento para unha nova contratación (EXP0013SE17-ABO), todavía non esta adxudicado.

En relación aos servizos prestados o día 31/12/2017, nesa data xa se tiña adxudicado o novo contrato á entidade Ilunión Seguridade, S.A. (en data 29/12/2017), pero aínda non se asinara o correspondente contrato administrativo (formalizado o 08/02/2018), nin se tiña realizado a acta de inicio de prestación do servizo (asinada o 15/02/2018).

Facturas que se achegan:

Eulen Seguridade, S.A. 0840513 31/12/17 378,88 €

TOTAL.....378,78 €

O que comunico a Ud. para os efectos oportunos.”

Enténdese que neste informe da Unidade Xestora, existe un erro material na data de finalización do contrato do servizo de vixilancia e seguridade do Pazo de Tor (EXP006SE16-NSO), xa que non finalizou o 21/12/2016, senón o 21/11/2016.

(...).”

No punto segundo da Proposta de decreto correspondente á factura N° 0844205:

2.- Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 12 de setembro do 2019, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do ART. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

Acredores	Nº Factura	Data	Importe	Aplicación
Eulen Seguridad,s.a.	0844205	28/02/18	3.133,90	3333.22701
SUMA			3.133,90	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 9 de Abril de 2019

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Durante o período do 1 ó 14 do pasado mes de febreiro, tendo en conta ou remate do contrato existente, e estar en trámite non servizo de contratación desta Deputación ou novo contrato de prestación do servizo de: Vixilancia e Seguridade nas instalacións do Pazo de Tor (Monforte de



Lemos) e, para que as citadas oficinas puidieran continuar con normalidade e co seu funcionamento, foi necesario que, por parte da empresa, continuase coa súa realización.

O período de realización do aludido servizo foi dende ou 1 ó 14 do pasado mes de febreiro.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 3.133,90 euros (IVE incluído).

Garantías: Por ser o servizo necesario para o funcionamento do Pazo de Tor (Monforte de Lemos), e existir a conformidade do responsable da execución do mesmo, non procede a exixencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2018, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Nos citados informes deste Servizo de data 22/03/2019 explícanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da licitación do Servizo de vixilancia na Rede Museística e no Pazo dos Deportes e subministración, instalación e mantemento de videovixilancia, detección de intrusión e protección de obras de arte en dependencias, edificios e recintos da Deputación Provincial de Lugo (EXP0013SE17-ABO), incluído os lotes que se detallan a continuación, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa:

Lote I: Vixilancia da Rede Museística.

Lote II: Vixilancia do Pabillón dos Deportes.

Lote III: Subministración, instalación e mantemento de videovixilancia, detección de intrusión e protección de obras de arte en dependencias, edificios e recintos da Deputación Provincial de Lugo.

As demoras producidas na adxudicación destes servizos, ultimadas na actualidade, se produciron no tanto se concluíu o procedemento de contratación.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo .

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado antes da realización das mesmas (EXP006SE16-NSO).

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.



A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2017 (no caso da factura Nº 0840513) e no exercicio orzamentario 2018 (no caso da factura Nº 0844205), e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das

prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Acreedor	Nº Factura	Data de Emisión	Importe da Factura	Concepto
Eulen Seguridad, S.A.	0840513	31/12/2017	378,88 €	Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións do Pazo de Tor, situado en Monforte de Lemos (Lugo), realizado os días 24 e 31 de decembro do 2017.
Eulen Seguridad, S.A.	0844205	28/02/2018	3.133,90 €	Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións do Pazo de Tor, situado en Monforte de Lemos (Lugo), realizado dende o 01/02/2018 ata o 14/02/2018.
TOTAL			3.512,78 €	

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Eulen Seguridad, S.A., por un importe total de 3.512,78 €:

Nº 0840513 de data 31/12/2017, correspondente ó servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións do Pazo de Tor, situado en Monforte de Lemos (Lugo), realizado os días 24 e 31 de decembro do 2017, dun importe total de 378,88 €.

Nº 0844205 de data 28/02/2018, correspondente ó servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións do Pazo de Tor, situado en Monforte de Lemos (Lugo), realizado dende o 01/02/2018 ata o 14/02/2018, dun importe total de 3.133,90 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.-*Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago dunha factura emitida por Probisa Productos Bituminosos, S.L.U., en execución da Resolución da Presidencia de data 9 de outubro do 2019.*



Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 12/11/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detalla:

Acreedor	Nº Factura	Data de emisión	Importe da Factura			Concepto
			Con Contrato	Sen Contrato	Total (I.V.E. Incluído)	
Probisa Productos Bituminosos, S.L.U.	5626201968000057	22/01/2019	10.588,88 €	14.607,70 €	25.196,58 €	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de emulsión asfáltica tipo C65B3 ó Parque Móbil, para a reparación de vías.
TOTAL			10.588,88 €	14.607,70 €	25.196,58 €	

Xunto coa factura consta:

A propia factura con entrada no Rexistro de Facturas en data 24/01/2019 (nº 2019/398) e con dilixencia do Parque Móbil, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada dita factura polo naquela data Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Declaración responsable asinada en data 01/10/2019 polo representante de “Probisa Productos Bituminosos, S.L.U.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 31/01/2019 explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida polo Xefe do Parque Móbil.

Informe do Parque Móbil de data 26/06/2019, describindo o motivo polo que o consumo de emulsión asfáltica para a reparación de vías foi superior ó inicialmente previsto.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 17/04/2019, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Resolución da Presidencia de data 09/10/2019, levantando o reparo de Intervención a dita factura, e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con notas de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 07/10/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

Acreedores	Nº Factura	Data	Importe	Aplicación
Probisa Productos Bituminosos, S.L.U.	5626201968000057	22/01/19	*14.607,70	9201.210
MA			14.607,70	

*A factura e por un importe total de 25.196,58€, IVE engadido, resto importe: 10.588,88€ con cargo o contrato.



Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Responde a gastos plurianuais (2016-2019) aprobados xunto co acordo marco pola Xunta de Goberno de 10 de xuño de 2018, e conforme o obxecto e prezo do segundo contrato derivado aprobado pola Xunta de Goberno de 22 de decembro de 2017 e prorrogado por Decreto de 29 de xuño de 2018 dende o 18 de xullo de 2018 ao 18 de xaneiro de 2019, ca empresa Probisa Productos Bituminosos, S.L.U., producíndose un exceso de consumo antes de estar adxudicado o terceiro contrato ca mesma empresa, por acordo da Xunta de Goberno de 8 de febreiro de 2019.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 14.607,70 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto se produce un subministro de feito vinculado cun acordo marco con aprobación do gasto plurianual (2016-2019) e a existencia de consignación orzamentaria, pero non vinculado a

un contrato en vigor, prescindindo do procedemento establecido para o compromiso do gasto, artigo 187 do TRLRFL, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, e artigo 198 do RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 12 de setembro do 2019, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL. con CSV IV6QEYBTBIMPT5HDYJ7AML3QAA.

En relación coa factura seguinte:

Acredores	Nº Factura	Data	Importe	Aplicación
Probisa Productos Bituminosos, S.L.U.	5626201968000057	22/01/19	*14.607,70	9201.210
MA			14.607,70	



*A factura e por un importe total de 25.196,58 €, IVE engadido, resto importe: 10.588,88€ con cargo o contrato.

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 18 de xuño do 2019

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as subministracións ??? son os seguintes:

Debido a que na prórroga do segundo contrato derivado, na anualidade de 2019, non existe saldo suficiente para atender a totalidade da factura (10.588,88€), e que sobrepasouse o gasto estimado, así como a necesidade urxente do subministro para a reparación das vías, procede a validación de parte da factura (14.607,70€).

O período do aludido subministro foi de xaneiro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 25.196,58 euros (I.V.E. incluído)

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponden ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A Unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

(...)”

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 17/04/2019 explícanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da licitación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 para o Parque Móbil (Acordo Marco EXP0003SU16-ABO-AM, primeiro contrato derivado expte N° EMULSIÓN-AM1, segundo contrato derivado expte N° EMULSIÓN-AM2, e terceiro contrato derivado expte N° EMULSIÓN-AM3), e no informe do Parque Móbil de data 26/06/2019, os motivos polos que o consumo de emulsión asfáltica foi superior ó inicialmente estimado, de modo que dirimido o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo .

Compre recordar que se produciron licitacións de ditas subministracións xa adxudicadas, en data 08/02/2019 (terceiro contrato derivado expte N° EMULSIÓN-AM3, que finalizou o día 01/07/2019) e en data 02/08/2019 (Subministración de 320 Tn de emulsión asfáltica para o Parque Móbil Provincial EXP0022SU19-SIM. Contrato e acta de inicio asinados en data 05/09/2019, cunha duración de seis meses).

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.



En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019.

Compre recordar que a factura obxecto deste informe se corresponde con prestacións análogas a procedementos de licitación xa adxudicados (EXP0003SU16-ABO-AM/ exppte N° EMULSIÓN- AM2) aínda que se tiña esgotado o importe total do contrato, a excepción da subministración correspondente ó albarán de data 18/01/2019 n° 591D00000988, porque xa tiña rematado o segundo contrato derivado, e atopábase aprobado o inicio do terceiro contrato derivado, por acordo da Xunta de Goberno do 14/12/2018.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivos da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019,), e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes factura:

Acreedor	Nº Factura	Data de emisión	Importe	Concepto
Probisa Productos Bituminosos, S.L.U.	5626201968000057	22/01/2019	14.607,70 €	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de emulsión asfáltica tipo C65B3 ó Parque Móbil, para a reparación de vías.
SUMA			14.607,70 €	

(A factura é por un importe total de 25.196,58 € (I.V.E. engadido), e o resto do importe, é dicir 10.588,88 € son con cargo ó segundo contrato derivado EXP0003SU16-ABO-AM/ expte Nº EMULSIÓN-AM2).

Así mesmo procederase a dar traslado deste acordo, á unidade xestora.

(...).



Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministracións, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura:

Nº 5626201968000057 de data 22/01/2019 emitida por Probisa Productos Bituminosos, S.L.U. correspondente á subministración no mes de xaneiro do 2019, de emulsión asfáltica tipo C65B3 ó Parque Móvil, para a reparación de vías, por un importe de 14.607,70 €.

(A factura é por un importe total de 25.196,58 € (I.V.E. engadido), e o resto do importe, é dicir 10.588,88 € son con cargo ó segundo contrato derivado EXP0003SU16-ABO-AM/ expte Nº EMULSIÓN-AM2).

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DA RENUNCIA Á SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POR ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO CENTRO RECREATIVO CULTURAL E DEPORTIVO DE BAAMONDE “CERCUD DE BAAMONDE”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 12 de novembro de 2019, no que literalmente se establece:

“Asunto: renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao centro recreativo cultural e deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co

obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, por importe de 38.950,00€.

“Visto o escrito remitido polo representante do Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde”, o 23 de outubro de 2018 con rexistro de entrada, e dirixido ao Servizo de Contratación e Fomento no que consta a renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015

En relación ao asunto de referencia, procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de maio de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Conceder ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” unha subvención directa de carácter excepcional co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre río Parga.

2º.- Aprobar o convenio regulador da subvención excepcional, a outorgar ó Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde.

3º.- Aprobar o aboamento do 60 %, é dicir, vinte e tres mil trescentos setenta euros (23.370,00€), con dispensa de garantía.”

O convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, formalizouse o 18 de maio de 2015.



Consideracións xurídico- administrativas

No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 do outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recollese literalmente que: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establece o seguinte:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

No artigo 6, concretamente no apartado 2, do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil dispónse que: “2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando no contraríen ao interese ou ao orde público nin prexudiquen a terceiros”.

Por todo o exposto, no caso que nos ocupa, o representante do Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” pode renunciar á subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 15 de maio de 2015, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, por importe de 38.950,00 €, dado que a renuncia tivo entrada no rexistro xeral da Entidade e coa mesma non se prexudica nin ao interese público nin a terceiros.

O órgano competente para aceptar a renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, é a Xunta de Goberno por ser este o órgano que no seu momento aprobou o gasto, a concesión da subvención e o convenio no que se instrumentou a devandita subvención.

Por tales motivos, procede informar favorablemente o seguinte:

Aceptar a renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, por importe de 38.950,00 €.

Declarar concluso o procedemento da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, por importe de 38.950,00 €.

Notificar o acordo de aceptación da renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, por importe de 38.950,00 €. ao interesado”.



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, por importe de 38.950,00 €.

2º.- Declarar concluso o procedemento da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, por importe de 38.950,00 €.

3º.- Notificar o acordo de aceptación da renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde “CERCUD de Baamonde” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da construción de pasarela peonil sobre o río Parga, anualidade 2015, por importe de 38.950,00 €. ao interesado”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“O pasado día 29 de agosto de 2019 Dona M^a de los Ángeles González Machado, nacida o 2 de xuño de 1953, integrante do cadro de persoal funcionario desta Deputación, dende o día 1 de setembro de 2011 (con recoñecemento de servizos previos dende o 28 de agosto de 1999, grupo A,

subgrupo A1, no posto de traballo de Veterinaria, encadrado no Servizo de Medio Ambiente, presentou un escrito (Rexistro de Entrada, data 30-08-2019) dirixido á Presidencia desta Entidade, no que solicita continuar coa prolongación da permanencia no servizo activo, por un ano máis, para poder alcanzar un maior número de anos cotizados e da contía da pensión.

Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir os 65 anos, compre ter en conta o acordado na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, que culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade en materia de xubilación.

En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no citado Acordo, a tramitación de solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria, farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril, DOGA nº 82, de 4 de maio de 2015).

Tendo presente o disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguinte aspectos relevantes:

A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando o persoal funcionario ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.



Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante ao ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que os resultados dos últimos períodos de avaliación son positivos.

En relación á asistencia ao traballo e absentismo, segundo consta nos rexistros do Sistema de control horario e de presenza, non consta que teña ausencias inxustificadas ao traballo.

Á vista de canto antecede, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, e que a solicitude foi posta en coñecemento do Deputado Delgado de Medio Ambiente, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo:

Accedendo á pretensión da funcionaria, Dona M^a de los Ángeles González Machado, de prolongar a permanencia no servizo activo, dende o 2 de decembro de 2019 ata o 1 de decembro de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 358/2019-B.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 358/2019-B, interposto por D^a. Isabel López Rodríguez, contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos nun vehículo como consecuencia dun accidente de circulación na estrada LU-P-1611, P.K. 7,4 debido á

existencia dunha fochanca na calzada, vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.